



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400 Fax: 981 546 597

galicia

Á vista da referida documentación, dos informes dos Servizos Técnicos e dos datos que obran nesta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e do establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia e demais lexislación vixente de aplicación, esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, no ámbito das súas competencias, emite o seguinte

Informe

Tendo en conta o anterior esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural informa favorablemente o proxecto de dragaxe do porto de Laxe (A Coruña), debendo terse en conta as seguintes consideracións:

- A aparición de calquera resto arqueolóxico durante a fase de obra poñerase de inmediato en coñecemento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que tomará as medidas cautelares oportunas.
- Calquera modificación do proxecto de dragaxe do porto de Laxe deberá ser comunicada, á maior brevidade posible, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2017

A directora xeral do Patrimonio Cultural

Mª Carmen Martínez Insua



PORTOS DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

**XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE Y ORDENACIÓN DEL TERRITORIO.
INSTITUTO DE ESTUDIOS DEL TERRITORIO.**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO



INSTITUTO
DE ESTUDOS DO
TERRITORIO

San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 755/6
Fax: 981 541 757
secretaria.iet@xunta.gal
<http://mapas.xunta.gal>

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 13042 / RX 1586035

Data: 10/11/2017 09:04:39

OFICIO



Asunto: Remisión de informes

En resposta a solicitude do 24.10.2017, achego o informe do estudo de impacto ambiental e integración paisaxística do seguinte expediente:

- Proxecto: Dragaxe no porto de Laxe
- Expediente: P-17-521
- Promotor: Portos de Galicia
- Concellos afectados: Laxe

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017

O director do Departamento Técnico de Estudos


Alfredo Fernández Ríos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR


Portos
de Galicia



Entrada: 2017009277

Data: 14-11-2017 10:57

Tipo: Informe



PORTOS DE GALICIA

galicia



INFORME SOBRE O ESTUDO DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

Expediente: P-17-521

Denominación: Dragaxe no porto de Laxe

Concello: Laxe

Promotor: Portos de Galicia

Con data 24/10/2017 a entidade pública Portos de Galicia (Consellería do Mar), solicita un informe ao Instituto de Estudos do Territorio (IET) sobre o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) referido á obra “Dragaxe no porto de Laxe”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Segundo o artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, correspóndelle á consellería competente en materia de medio ambiente emitir o informe de impacto e integración paisaxística dentro dos procedementos de avaliación de impacto ambiental, informe que resultará integrado na correspondente declaración de impacto ambiental.

En virtude do punto dous da disposición adicional segunda do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (IET), este asume as competencias en materia de paisaxe.

O ámbito da actuación enmárcase na paisaxe urbana da localidade de Laxe, en concreto no interior do seu porto. O proxecto ten por finalidade o dragado da dársena coa finalidade de incrementar o seu calado. Os materiais dragados depositaranse na denominada zona B, localizada ao noroeste de Laxe, en mar aberto, a uns 14 km. do seu porto.

En relación co Catálogo das Paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo (DOG do 25/08/2016), a contorna da vila e porto de Laxe forma parte da comarca paisaxística Costa da Morte, na grande área paisaxística Chairas e Fosas Occidentais.

O EIA achegado contén, como anexo VII, un EIIP no que se realiza unha diagnose do estado actual da paisaxe, unha delimitación das unidades paisaxísticas, un estudo de calidade, visibilidade e fragilidade da paisaxe, estudo de intervisibilidade e cuncas visuais (dende os núcleos de Laxe, Os Peñascales e Cabo da Area; así como dende as estradas AC-431 e AC-429), unha análise do impacto previsto do proxecto sobre os elementos que configuran a paisaxe, e unha xustificación dos criterios e as medidas adoptadas para acadar a integración paisaxística do proxecto.

O impacto do dragado sobre a paisaxe non terá relevancia, a excepción das fases de obras, limitándose ao campo visual do porto.

CONCLUSIÓN

O proxecto de dragado non suporá unha afección paisaxística nin na contorna portuaria nin na ría, en todo caso, incorpórase un EIIP, tal e como demanda o artigo 11.1 da Lei 7/2008 , e o seu contido axústase ao disposto no artigo 11.2 da citada Lei.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

O director do Departamento Técnico de Estudos


José Luis Álvarez Vicente


Alfredo Fernández Ríos

Visto e conforme a directora do Instituto de Estudos do Territorio


Inés Sante Riveira


**MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA,
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE. DIRECCIÓN
GENERAL DE RECURSOS PESQUEROS.**



MINISTERIO
DE AGRICULTURA Y PESCA,
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

DIRECCION GENERAL DE
RECURSOS PESQUEROS.

SUBDIRECCIÓN GENERAL DE
CALADERO NACIONAL Y
AGUAS COMUNITARIAS.



O F I C I O :

S/REF: Expediente 10/2017/Proyectos

N/REF: JHS/AOG 29-17

FECHA: 30/11/2017

ASUNTO: SOLICITUD INFORME IMPACTO AMBIENTAL DEL PROYECTO DE DRAGADO DEL PUERTO DE LAXE
(LA CORUÑA)

DESTINATARIO: XUNTA DE GALICIA. PORTOS DE GALICIA.

Adjunto, se remite Oficio del Sr. Subdirector General de Caladero Nacional y Aguas Comunitarias de 29 de Noviembre de 2017 por el que se comunica la contestación a la solicitud de informe sobre los Proyecto del ASUNTO.

Un saludo.

Madrid, a 30 de Noviembre de 2017

El Jefe de Sección.

Adolfo Ortigueira Gil.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Portos
de Galicia



Entrada: 2017009971 Data: 07-12-2017 10:19
Tipo: Informe

VELAZQUEZ, 144
28006 - MADRID
TEL: 913476000
FAX: 913476126/27



O F I C I O :

S/REF: 10/2017/Proyectos
N/REF: JHS/AOG 29-2017

FECHA: 29/11/2017

**ASUNTO: SOLICITUD INFORME DEL IMPACTO AMBIENTAL DEL PROYECTO DE DRAGADO EN EL PUERTO DE
LAXE (LA CORUÑA)**

DESTINATARIO: PORTOS DE GALICIA. CONSELLERIA DO MAR. XUNTA DE GALICIA

Con fecha de 24 de Noviembre de 2017 se recibió escrito del Área de Infraestructuras, Medio ambiente e Seguridade de la Entidad Pública Portos de Galicia , solicitando informe en relación al Proyecto del "Asunto".

Una vez consultadas desde ésta Unidad a las partes con posibles intereses pesqueros en la zona de influencia del Proyecto, sin que se haya recibido alegación alguna en contra al respecto, se comunica que en el ámbito de nuestras competencias, no existe inconveniente alguno para la realización del mismo.

Madrid, a 29 de Noviembre de 2017

**EL SUBDIRECTOR GENERAL DE CALADERO NACIONAL
Y AGUAS COMUNITARIAS**



Fdo. Rafael Centenera Ulecia

**XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE Y ORDENACIÓN DEL TERRITORIO.
DIRECCIÓN GENERAL DE PATRIMONIO NATURAL**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Dirección Xeral de Patrimonio Natural

galicia

JT
N/REF: AP/CO/002/17
S/REF: 10/2017/Proxectos

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 551 / RX 58542

Data 16/01/2018 12:41:58



Achégolle o informe emitido por esta Dirección Xeral relativo ao proxecto "DRAGAXE
NO PORTO DE LAXE", LAXE - A CORUÑA, de acordo coa súa solicitude.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Patrimonio Natural

Ana María Díaz López



PORTOS DE GALICIA
PRAZA DE EUROPA 5 A – 6º
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA



JT/jmp

ASUNTO	INFORME AMBIENTAL		CLAVE	AP-CO-002-17
PROXECTO	DRAGAXE NO PORTO DE LAXE			
ESPAZO NATURAL	ZEPA MARIÑA "ESPAZO MARIÑO DA COSTA DA MORTE"			
T. MUNICIPAL	LAXE	PROVINCIA	A CORUÑA	
ORGANISMO SOLICITANTE	Portos de Galicia	Ref.:	10/2017/Proxectos	
PROMOTOR	Portos de Galicia	Ref.:		

Antecedentes

1. Mediante escrito do 24 de outubro de 2017, a entidade pública empresarial Portos de Galicia solicita a esta dirección xeral informe do Estudio de Impacto Ambiental do proxecto de dragaxe do porto de Laxe (A Coruña).
2. Para a elaboración deste informe téñense en conta as consideracións aportadas polo Servizo de Conservación da Natureza da Coruña sobre a seguinte documentación recibida en dixital:
 - Anteproxecto de "Dragado en el puerto de Laxe". Agosto 2017.
 - Estudio de Impacto Ambiental para el dragado del puerto de Laxe (A Coruña). Agosto de 2017.

Descrición do proxecto

O proxecto de dragaxe da dársena de Laxe (A Coruña), promovido pola entidade pública empresarial Portos de Galicia, ten como finalidade incrementar o calado dentro deste ámbito co obxecto de mellorar as condicións de seguridade da flota fronte ao fenómeno das ondas largas e a resonancia que se produce nesta enseada.

As actuacións previstas consisten en realizar unha dragaxe desde o bordo dos cantís ata a cota -5,00 m respecto ao cero do porto. Esta dragaxe realízase sobre un terreo de natureza rochosa onde se atopan areas de diferentes granulometrías. O volume do



material a dragar estímase en 56.465 m³, dos cales 49.282 m³ corresponden a material rochoso e 7.183 m³ corresponde a material sedimentario.

No tramo de cantil fronte á rampla de descarga e zona de departamentos realizarase un precorte que terá como obxectivo a cota -3 m e rematarase en noiro ata a cota -5,00 m.

As actuacións inclúen a retirada da pasarela aérea existente e fondeos, con posterior recolocación de ambos. Coa realización deste proxecto tamén se alcanzan os seguintes obxectivos secundarios:

- Dragado da liña do peirao fronte á lonxa a cota -3 m para dar operatividade á zona de atraque.
- Seguimento das condicións hidrodinámicas da zona de estudo.

Segundo a documentación achegada, procedeuse á caracterización do material sedimentario que resulta ser Categoría A segundo a clasificación DCMD 2015. Para a xestión dos produtos obtidos na dragaxe propónse o seu vertido ao mar, nun punto situado a 8 millas náuticas do porto de Laxe:

- Coordenadas UTM fuso 29, referidas á proxección ETRS 89: X: 486810 - Y: 4789520

Para o dragado planéanse dúas opcións:

Opción 1. retirada do substrato rochosos e sedimentario do porto con medios mecánicos e o seu vertido en alta mar durante un prazo de 6 meses.

Opción 2. Voadura ou perforación da rocha, carga do material e vertido en alta mar en dúas campañas de 5 meses cada unha, con 2 meses de voadura e/ou perforación e 3 meses donde finaliza a voadura e se solapa coa operación de vertido ao mar.

A elección das alternativas dependera da dureza do material nas distintas áreas do porto así como dos medios mecánicos finalmente dispoñibles.



Análise da documentación

O proxecto que nos ocupa foi analizado e avaliado polo Servizo de Conservación da Natureza da Coruña mediante informe do 19 de decembro de 2017, nos seguintes termos:

"Valoración ambiental

Espazos naturais: Contrastada a documentación remitida coa cartografía dos límites dos espazos pertencentes á Rede galega de espazos protexidos e Rede Natura 2000 de Galicia existentes neste servizo, comprobouse que a dragaxe non afecta directamente a ningún espazo dos mencionados con anterioridade, situándose a dragaxe a unha distancia de 0,6 km aproximadamente dos seguintes espazos:


- Zona de especial conservación (ZEC) "Costa da Morte" (ES 1110005). Directiva 92/43/CEE do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres e a Lei 42/2007, do 13 de decembro, de patrimonio natural e biodiversidade; Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) "Costa da Morte" (110033). Decreto 72/2004 de 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.

Engadir que a dragaxe e o punto de vertido sitúanse dentro da ZEPA mariña "Espazo mariño da Costa da Morte" (ES 0000497). Orde AAA/1260/2014, do 9 de xullo, que declara Zonas de Especial Protección para as Aves en augas mariñas españolas. O ámbito desta ZEPA comprende as augas mariñas, incluídos o leito o subsolo e os recursos naturais.

O estudo de impacto ambiental indica erroneamente que a zona de dragado se encontra dentro da ZEPA "Costa da Morte (Norte), Cód.: ES0000176.



Situación dos espazos con respecto á zona de dragaxe:



ZEC-ZEPVN "Costa da Morte"



ZEPA "Espazo mariño Costa da Morte"

Hábitats: En relación coa presenza de hábitats de interese comunitario, e en atención ao punto 3 do artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro do patrimonio natural e da biodiversidade, relativo ás medidas necesarias para evitar o deterioro ou a contaminación dos hábitats situados fóra da Rede Natura 2000, e consultada a cartografía de hábitats existente neste servizo, comprobouse que a dragaxe se efectuara sobre unha tesela na que están inventariados os seguintes hábitats de interese comunitario incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres e na Lei 42/2007, do 13 de decembro de patrimonio natural e biodiversidade:

a) No entorno da dragaxe:

1110 Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña

1170 Arrecifes

1160 Grandes calas e baías pouco fondas

b) No entorno da praia e no ámbito da ZEC "Costa da Morte" localízanse os seguintes hábitats de interese comunitario:

2130* Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea ("dunas grises")

2120 Dunas móbiles litorais con *Ammophila arenaria* ("dunas brancas")

2110 Dunas móbiles embrionarias

2230 Dunas con céspedes de *Malcomietalia*

1210 Vexetación anual sobre argazos

1140 Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar



As zonas costeiras e os hábitats asociados son ecosistemas complexos e dinámicos compostos por varios tipos de hábitats e hábitats de especies de interese para a conservación, tamén inclúen corredores para especies migratorias e áreas de descanso e alimentación para moitas aves.

Humidais: Unha vez revisado o Inventario dos humidais de Galicia creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e créase o Inventario de humidais de Galicia, apreciándose que no extremo leste da praia de Laxe desemboca un regato que forma parte do humidal "Brañas Mouras" (Cod. IhG 110224). Humidal pertencente ao Grupo 4: Marismas e esteiros mareais; inclúe marismas e pradeiras halófilas, zonas inundadas por auga salgada, zonas de auga doce e salobre inundadas pola marea.

Especies: En canto aos Plans de recuperación e conservación de especies, a praia de Laxe é área de distribución potencial das seguintes especies:

- *Escribenta das canaveiras* (Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da *Escribenta das canaveiras* (*Emberiza schoeniclus* subsp. *Lusitánica Steinbacher*) en Galicia).
- *Píllara das dunas* (Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de conservación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia).

En canto ás especies protexidas incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas, modificado polo Decreto 167/2011, do 4 de agosto que actualiza dito catálogo, na ZEPA mariña encóntranse as seguintes especies de interese para a conservación: *Hydrobates pelagicus* (vulnerable), *Numenius arquata* (en perigo), *Phalacrocorax aristoteles* (vulnerable), *Puffinus mauretanicus* (en perigo), *Rissa tridactyla* (vulnerable), *Scolopax rusticola* (vulnerable), *Uria aalge* (en perigo), *Vanellus vanellus* (en perigo), *Phocoena phocoena* (vulnerable), *Tursiops truncatus* (vulnerable).

Consideracións legais

O ámbito da dragaxe e do punto de vertido sitúase integramente no medio mariño fora da ZEC "Costa da Morte" e da ZEPA "Costa da Morte (Norte)" e incluídos na ZEPA mariña "Espazo mariño da Costa da Morte", polo que resulta de aplicación:



A Lei 42/2007, do 13 de decembro de patrimonio natural e da biodiversidade - modificada pola Lei 33/2015, de 21 de setembro, no artigo 6. Competencias das administracións públicas sobre biodiversidade mariña, establece:

1. Correspóndelle á Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o exercicio das funcións a que se refire esta lei, con respecto a todas as especies, espazos, hábitats ou áreas críticas situados no medio mariño, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas do litoral.

Así mesmo, correspóndelle á Administración xeral do Estado o exercicio destas funcións na zona económica exclusiva, plataforma continental e espazos situados nos estreitos sometidos ao dereito internacional ou en mar aberto.

2. Correspóndelle á Administración xeral do Estado o establecemento de calquera limitación ou prohibición da navegación marítima e das súas actividades conexas, así como a prevención e a loita contra a contaminación nas augas mariñas obxecto desta disposición.

3. Así mesmo, corresponde á Administración xeral do Estado o exercicio das funcións obxecto dos puntos anteriores deste artigo nos espazos mariños situados nos estreitos sometidos ao dereito internacional ou en mar aberto.

4. Correspóndelles ás comunidades autónomas o exercicio das funcións a que se refire esta lei con respecto a especies (excepto as altamente migratorias) e espazos, hábitats ou áreas críticas situados no medio mariño, cando exista continuidade ecolóxica do ecosistema mariño co espazo natural terrestre obxecto de protección, avalada pola mellor evidencia científica existente.

5. O exercicio das funcións mencionadas no presente artigo exerceraa a Administración competente de acordo cos principios de cooperación e colaboración interadministrativa.

A disposición adicional primeira relativa ás competencias sobre a biodiversidade mariña do Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento do listado de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas indica:

En relación co contido deste real decreto, o exercicio das funcións administrativas no referente a biodiversidade mariña exercerase de conformidade co artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e ao artigo 28.h da Lei 41/2010, do 29 de decembro de protección do



medio mariño. Corresponde ao Goberno a inclusión, cambia de categoría ou exclusión de especies mariñas no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial así como no Catálogo Español de Especies Ameazadas.

A Orde AAA/1260/2014, do 9 de xullo, que declara Zonas de Especial Protección para as Aves en augas mariñas españolas establece, no artigo 5, que a xestión das ZEPA mariñas recollidas no anexo I desta orde corresponde ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, tal e como establece o artigo 28.c da Lei 41/2010, de 29 de decembro, de protección de medio mariño, a través da Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar.

O artigo 6 da citada orde recolle o réxime de protección e indica que aqueles plans, programas e proxectos que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de xeito apreciable aos citados lugares debера someterse a unha axeitada avaliación das súas repercusións de conformidade coa Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade.

En relación coa ZEC "Costa da Morte" son de aplicación os obxectivos, directrices e normativa contidas no DECRETO 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Consideracións respecto do dragado. Impactos

1. Os dragados e o depósito do material resultante afectan ao réxime hidrodinámico e a xeomorfoloxía do medio mariño. Coa evolución da zona costeira evoluciona tamén a presenza ou ausencia de especies e habitats.

Polo tanto, as obras deben ter en conta a proximidade de espazos Natura 2000, para avaliar os efectos potenciais da dragaxe sobre os mesmos e cumprir os requisitos da Directiva de Habitats, xa que a evolución da zona costeira modifica as tendencias naturais e implica cambios morfolóxicos e/ou biolóxicos así como desequilibrios sedimentarios que poden desequilibrar bancos de area, praias e dunas e modificar a localización dos hábitats.

O estudo de impacto ambiental, no apartado "dinámica litoral" indica que a obra de dragado da dársena portuaria de Laxe mellorará as condicións de hidrodinámica que a afecta, alomenos no que se refire ao efecto das ondas longas que chegan a ocasionar amplitudes de onda superiores aos 2,5 m no interior do recinto.



Tamén indica que non vai a modificar as condicións de oleaxe que chega ata a praia, principal forzador do movemento lonxitudinal da area, nin previsiblemente de axitación dentro do propio porto. Por isto no esperan modificacións sensibles no comportamento da basculación de sedimentos existentes.

2. O funcionamento biolóxico da zona costeira está influída por parámetros físicos e químicos que contribúen a unha boa calidade ecolóxica da masa de auga, os principais efectos da dragaxe son:

- *Incremento de turbidez na columna de auga e na zona de vertido que abarcará as zonas de actuación e o seus entornos próximos.*
- *Tamén se vai producir precipitación de partículas finas que poden afectar ao medio rochoso e ao sedimentario.*
- *A extracción de sedimentos e substrato rochoso conleva a extracción da capa biolóxica e con ela especies de escasa ou nula capacidade de desprazamento.*
- *Ao ser zona ZEPA pode ter afección sobre as aves por contaminación sonora, falta de transparencia da auga, alteracións na calidade química e biolóxica da auga*
- *As obras tamén poden afectar indirectamente ás zonas de nidificación, actividades de posta, cría e alimentación.*

No apartado 17 do "Estudo de Impacto Ambiental" propón medidas preventivas e correctoras destinadas a reducir os impactos significativos derivados das obras de dragaxe; entre eles inclúen medidas para manter a calidade do aire (ruído e emisións atmosféricas); a calidade da auga (medidas antiturbidez na zona de dragado e vertido, control da calidade da auga para os distintos usos baño, proclución de moluscos e invertebrados mariños ...); os biotopos infralitorais e intermareais; os recursos pesqueiros e marisqueiros da zona e as destinadas a garantir a seguridade e saúde humana.

No apartado 18 inclúese un programa de vixilancia ambiental e de control da obra de xeito que a empresa adxudicataria cumpra os termos ambientais e condicionado aplicado ao proxecto tanto na fase previa como durante a execución da dragaxe.

Conclusiones

En primeiro lugar indicar que a Xestión da ZEPA "Espazo mariño Costa da Morte" correspóndelle á Administración Xeral do Estado.



Poren, dada a proximidade da ZEC "Costa da Morte" á zona de dragaxe, cómpre lembrar as obrigas que a Directiva 92/43/CEE establece en virtude do artigo 6. No apartado 6.1 medidas de conservación proactivas, no apartado 6.2 medidas preventivas para evitar o deterioro ou a contaminación de hábitats naturais e os apartados 6.3 e 6.4, medidas específicas en materia de avaliación e autorización de Plans e Proxectos novos. Tamén a Directiva Aves esixe a aplicación de medidas equivalentes nas zonas ZEPA.

O artigo 41 (Hábitats mariños) do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, recolle no apartado 5 as actuacións que poden afectar de forma apreciable o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario, entre eles cita:

- b) A construción de infraestruturas que afecten a dinámica mareal (amplitude e correntes mareais) e da ondaxe, provocando alteracións nas condicións ecolóxicas ou perdas significativas de superficies representadas por hábitats de interese comunitario.*
- c) A realización de cambios na morfoloxía do sistema de fondos mediante procesos de dragaxes, causando a alteración dos sedimentos e das comunidades bentónicas.*

A dragaxe supón un cambio permanente na estrutura do sistema, polo que resulta relevante que se garanta que a execución do proxecto non cause efectos significativos sobre a ZEC "Costa da Morte".

Débese ter en conta que poden ser significativos os impactos derivados dos procesos erosivos e de sedimentación na praia e os derivados da contaminación das augas pola súa implicación no estado de conservación favorable dos hábitats dunares, das augas mariñas próximas á costa e das especies polos que este espazo "Costa da Morte" foi protexido.

En consecuencia, dado que o medio mariño alberga ecosistemas complexos e dinámicos, a incertidume que se xera en canto ao seu funcionamento despois da dragaxe, non permite determinar con total seguridade que non se vaian producir efectos negativos no espazo "Costa da Morte" (ES1110005).

Polo tanto, sería recomendable que se acreditase da maneira o máis obxectiva posible que a execución do proxecto non vai producir efectos negativos á integridade da ZEC mencionada.

Emítese este informe sobre a documentación achegada e no ámbito das competencias do Servizo de Conservación da Natureza, sen prexuízo de calquera outro que fose preceptivo e/ou legalmente esixible."



Conclusións

Analizada a documentación recibida e tendo en conta o informe emitido, ao respecto, polo Servizo de Conservación da Natureza da Coruña considérase que a pesar de que as actuacións previstas non afectan directamente a espazos naturais que teña competencia esta Dirección Xeral, deberase garantir que non se producen repercusións significativas indirectas sobre a integridade da ZEC "Costa da Morte", debido a posibles procesos de erosión e/ou sedimentación provocados polo cambio da dinámica do litoral.

A este respecto, coa finalidade de garantir tal extremo, e concretamente evitar afeccións apreciables sobre os valores naturais polos que o espazo foi protexido (hábitats e especies), o proxecto deberá contar cos informes favorables dos órganos competentes en biodiversidade mariña e da dinámica do litoral.

Así mesmo, comunícase que a Xestión da ZEPA "Espazo mariño Costa da Morte" correspóndelle á Administración Xeral do Estado en cumprimento do artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos. Calquera modificación deste proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2018

O xefe do Servizo de Análise
de Proxectos, Plans e Programas
P.A. O xefe de Área de Análise de Proxectos

Visto e Prace
A subdirectora xeral de Espazos Naturais



José Manuel Pena Regueiro



Nieves López Sánchez

**XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE Y ORDENACIÓN DEL TERRITORIO.
AGUAS DE GALICIA**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Augas de Galicia

Praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 545 381. Fax 981 541 676
augasdegalicia@xunta.es
http://augasdegalicia.xunta.es

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE AUGAS DE GALICIA (SERVIZOS CENTRAIS)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 15/02/2018 14:12:21

SAÍDA 1590 / RX 229199



PORTOS DE GALICIA

A/A Presidente

**Praza de Europa 5A, 6ª. Fontiñas
15781 Santiago**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

portos
de Galicia



Entrada: 2018001150 Data: 16-02-2018 10:53
Tipo: Informe

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

En resposta á súa solicitude, achégase informe do servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica de Augas de Galicia en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de dragaxe do Porto de Laxe, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos. (Este mesmo informe xa foi adiantado por mail o pasado mes de xaneiro)



Gonzalo Mosquera Martínez
Xerente de Augas de Galicia

Os datos persoais que puidera conter este documento serán tratados de acordo coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e encóntranse recollidos nun ficheiro debidamente inscrito na AEPD, responsabilidade de Augas de Galicia, coa exclusiva finalidade da tramitación e xestión do presente procedemento. Só se procederá á cesión naqueles casos explicitamente considerados na lei.

Quedan recoñecidos os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos de carácter persoal, que poderán solicitar por escrito a Augas de Galicia, Plaza Camilo Díaz Baliño 7-9, 15704 Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a augasdegalicia@xunta.gal.

INFORME DO SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E PROGRAMACIÓN HIDROLÓXICA EN RELACIÓN AO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DE DRAGAXE DO PORTO DE LAXE (A CORUÑA)

Solicitante: Portos de Galicia.

O obxecto da actuación, segundo se contempla no escrito remitido, é a dragaxe da dársena portuaria para garantir un calado suficiente e reducir os riscos para a seguridade das embarcacións. A actuación polo tanto consiste na dragaxe así como na xestión do subproduto obtido desta, que se propón verter ao mar.

A actuación se desenvolve fora do ámbito de competencias de xestión do dominio público hidráulico que ten encomendadas Augas de Galicia.

Dende o punto de vista da planificación hidrolóxica, a actuación desenvólvese na masa de auga costeira denominada Costa da Morte de código ES014.MSPF14, catalogada no plan hidrolóxico vixente como en bo estado ou mellor.

Augas de Galicia, como organismo de bacía da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, é responsable da elaboración e proposta de revisións do Plan Hidrolóxico da cunca, recompilando a información necesaria das autoridades con competencias na xestión de recursos hídricos.

En relación a calquera intervención que se queira realizar nunha masa de auga, a xuízo de Augas de Galicia, é o órgano promotor o responsable de realizar os estudos e análises particulares da súa incidencia sobre o cumprimento dos obxectivos medioambientais, incluíndo o non-deterioro, debendo realizar os estudos establecidos na lexislación aplicable.

A valoración desta análise a realiza o organismo competente para a autorización da actuación.

A actuación vai supoñer unha nova presión sobre a masa de auga (morfolóxica principalmente), opolo que no caso de que a actuación supoña algunha alteración na masa de auga que impida o logro dos obxectivos medioambientais será necesario que o órgano promotor realice tamén os estudos xustificativos establecidos na lexislación vixente. Estes aspectos serán valorados polo órgano con competencias para autorizar a actuación.

Dentro das tarefas de actualización do Plan Hidrolóxico, Augas de Galicia incorporará na planificación hidrolóxica de conca a actuación, unha vez sexa comunicada pola autoridade competente, ven en fase de proxecto ou xa executada, recollendo no seu caso os elementos necesarios no Inventario de Presións do PHGC, no Programa de Medidas, así como a valoración da posible incidencia da actuación no logro dos obxectivos medioambientais e as xustificacións necesarias en caso de aplicar as exencións previstas na propia Directiva.



Toda a documentación en relación cos obxectivos ambientais das masas de auga recollidas no PHGC pode ser consultada na páxina web de Augas de Galicia <http://augasdegalicia.xunta.gal/>, así como na IDE-DHGC, <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>

Santiago de Compostela, a 19 de xaneiro de 2018

A xefa do servizo de Planificación e

Programación Hidrolóxica



Belén Quinteiro Seoane



Prace

o Xerente

XERENCIA

Gonzalo Mosqueira Martínez

XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE SANIDAD.
DIRECCIÓN GENERAL DE SALUD PÚBLICA.



Asunto	SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	DRAGAXE DO PORTO DE LAXE (A CORUÑA)
Promotor	PORTOS DE GALICIA, S.L.
Localización	CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Clave expediente	5/2016/CNTSE

En relación co seu correo electrónico de data 25/10/2017 sobre o asunto de referencia, achégolle o informe técnico realizado de acordo coas nosas competencias, aos efectos previstos na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, de 11 de decembro).

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2017

O subdirector xeral de Programas de Control
de Riscos Ambientais para a Saúde


Ángel Gómez Amorín



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE SANIDADE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 23896 / RX 1792638

Data 19/12/2017 10:29:41



ÁREA DE INFRAESTRUTURAS, MEDIO AMBIENTE E SEGURIDADE, ENTE PÚBLICO
PORTOS DE GALICIA, CONSELLERÍA DO MAR



Asunto	SOLICITUDE DE INFORME DO ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	DRAGAXE DO PORTO DE LAXE (A CORUÑA)
Promotor	PORTOS DE GALICIA, S.L.
Localización	CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Clave expediente	5/2016/CNTSE

1. ANTECEDENTES

Con data do 25/10/2017 recibíuse neste Servizo de Sanidade Ambiental a documentación relativa ao proxecto de referencia.

O presente informe realízase avaliando se no estudio se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa execución se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante a fase de obra, explotación e vertido dos sedimentos. Polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco
- Determinación dos potenciais perigos
- Identificación das posibles vías de exposición



- Avaliación da necesidade de medición da exposición
- Avaliación da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto

O presente informe realizase sobre a documentación achegada e sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar, se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

2. AVALIACIÓN

2.1.- Caracterización da poboación en situación de risco.

O proxecto inclúe unha caracterización xeral da poboación situada na contorna da zona do proxecto.

2.2.-Determinación dos potenciais perigos.

Neste apartado realízase una identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

a) Contaminantes:

- Microbiolóxicos e químicos procedentes dos sedimentos da dragaxe dos fondos do porto.
- Augas residuais
- Po e partículas en suspensión.
- Gases procedentes dos motores dos vehículos, das embarcacións e da maquinaria.

b) Ruído e vibracións:

- Ruídos derivados do incremento do tráfico rodado, das embarcacións e da maquinaria e equipos empregados.

c) Residuos



- Resíduos perigosos e non perigosos que se poidan xerar nas diferentes fases do proxecto e nas actividades de mantemento.

d) Outros:

- Hidrocarburos e lubricantes das embarcacións e da maquinaria empregada.
- Outros residuos procedentes das embarcacións (augas residuais, envases, etc.)
- Contaminación física da auga (pH, T^a, turbidez, condutividade) procedente do movemento dos sedimentos e materiais de obra.

2.3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas protectoras ou correctoras para interromper a exposición.

a) Aire

- Identifícanse emisións de gases de combustión dos motores das embarcacións e da maquinaria implicadas na obra e do incremento do tráfico rodado. Valóranse como unha afección de pouca entidade, polo escasa importancia dos mesmos e a súa dispersión polo vento. Contémplanse medidas preventivas e correctoras, consistentes en inspeccións técnicas, posta a punto e mantemento, de xeito que se garanta o cumprimento dos niveis de emisión de gases e se eviten vertidos accidentais. No Programa de Vixilancia Ambiental contémplanse medidas de seguimento ao respecto.
- Identifícase a xeración de ruído como consecuencia da actividade das embarcacións e da maquinaria implicadas na obra e do incremento do tráfico rodado. Se indican medidas preventivas e correctoras encamiñadas a atenuación do ruído, en cumprimento das especificacións normativas, no referente aos niveis de potencia acústica (mencionase a Directiva 2000/14/CE, do 8 de Maio de 2000, relativa a emisións sonoras debidas ás máquinas de uso ao aire libre, o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, e a Ordenanza municipal de protección



do medio ambiente contra a contaminación acústica do concello de Laxe). O proxecto inclúe datos referentes a un estudio acústico previo, no que se teñen en conta os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes, indicando que se cumpren os valores establecidos no Decreto 1367/2007. No Programa de Vixilancia Ambiental contéplanse medidas de seguimento e control, indicándose a realización de unha medición de ruído 15 días antes do inicio do dragado e medicións mensuais durante a fase de obra. Non se indican medidas a adoptar en caso de incumprimento dos límites, establecidos na lexislación.

Indícase á realización de voaduras para extracción de rocas durante o dragado. Non se fai unha valoración do impacto das voaduras no medio, nin a afección na poboación e vivendas próximas. Non se recolle un plan de voaduras indicando as medidas de prevención e seguridade a tomar, que eviten danos aos traballadores, aos mariscadores (en especial aos que realizan a súa actividade baixo a auga) e as infraestruturas e poboación próxima. Non se fai unha estimación do nivel de presión sonora durante a fase dragaxe (actividades da draga, perforadora, voaduras, embarcacións auxiliares e outras), en referencia a lexislación vixente, en relación a distancia a zonas habitadas próximas.

b) Augas

- Augas residuais
 - No proxecto non se inclúe información sobre a existencia e xestión de augas residuais sanitarias durante a fase de execución da obra.
- Augas de consumo
 - No caso de existir aseos ou vestiarios para o persoal e/ou similares, deberá terse en conta que a auga de abastecemento ten que ser apta para o consumo humano segundo o establecido no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.



De dispor de sistema de auga quente sanitaria deberá cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

- Augas costeiras
 - No proxecto inclúese unha caracterización das fontes de contaminación da zona, así como dos sedimentos a dragar, que os inclúe na “categoría A” (caracterización no Anexo V). Inclúese un apartado de estudo de alternativas de usos produtivos do material dragado, con xustificación do seu vertido ao mar, e un apartado no que se valoran tres alternativas de punto de vertido e se motiva a escolla dunha delas.

Inclúense datos sobre a clasificación sanitaria das augas de baño das praias próximas a zona da dragaxe e das zonas de produción de moluscos da contorna.

Co obxecto de caracterizar as augas no ámbito da actuación inclúense datos dunha mostraxe feita en diferentes puntos na zona de dragaxe e na de vertido, indicando que todas cumpren a normativa vixente e presentan unha calidade excelente.

- Deberá avaliarse polo organismo competente se os datos da caracterización preliminar do sedimento da dragaxe, o exclúe da caracterización de determinados contaminantes químicos establecida no artigo 17 das Directrices para a caracterización de material dragado e súa reubicación en augas do dominio público marítimo - terrestre, vistos:
 - Os datos recollidos no anexo V do proxecto, “Caracterización do material do dragado”.
 - O establecido no artigo 16 “Material exento de caracterización química e biolóxica”.
- Na “zona de dragaxe”, no apartado de medidas preventivas e correctoras a levar a cabo durante a execución do proxecto, indícanse medidas de



minimización da dispersión de sólidos en suspensión, mediante barreiras de contención antiturbidez, así como sistemas de control en continuo da mesma, para vixiar o cumprimento dos niveis que marca a lexislación, indicando que se paralizará a obra en caso de ser superados os mesmos (se indica protocolo de actuación).

Na “zona de vertido” tamén se propón levar a cabo un control en continuo da turbidez na columna de auga de xeito, que se poda aplicar o mesmo protocolo de actuación que na zona de dragaxe, en caso de que se superen os niveis recollidos na lexislación.

- No referente ao Programa de Vixilancia Ambiental, indicase a colocación de dúas boias para medición en continuo de: turbidez, osíxeno disoluto, condutividade e temperatura, 1 mes antes do comezo da obra, e ata un mes despois da súa finalización, unha na parte externa da dársena e outra na zona de vertido, con medicións e envío de datos en tempo real.

No referente ao control das augas, e co obxecto de vixiar o cumprimento da normativa de calidade das augas de baño e calidade das augas para o cultivo de moluscos e outros invertebrados mariños, indican a realización dunha mostraxe preoperacional na zona de dragaxe (en dúas estacións, unha no porto e outra nos bancos marisqueiros, fronte a praia de Laxe) e na zona de vertido. Indícanse os parámetros a estudar (inclúense parámetros de contaminación fecal). A mostraxe preoperacional realizarase 15 días antes do inicio das obras. Posteriormente durante a dragaxe e vertido dos materiais, realizaranse mostraxes mensuais, e finalizadas as obras dúas mostraxes quincenais no seguinte mes.

Abondando no anterior, e en cumprimento do establecido no apartado 3 do Artigo 15 (Caracterización preliminar) das Directrices de dragado, no referente a determinación dos parámetros indicadores de contaminación fecal incluídos na normativa estatal ou autonómica referente a zonas de baño e cultivos mariños, no proxecto non se



contemplan as técnicas de xestión ou medidas preventivas para asegurar o cumprimento dos límites establecidos nas mesmas, de ser o caso.

- O proxecto inclúe un estudio de dispersión de sedimentos nas zonas de vertido no Anexo VI, no que se conclúe que, non haberá afección ás zonas de protección, así como a outros usos lexítimos.

Aínda que non se fai mención específica á posible afección a zonas de baño, pola súa coincidencia espacial con outras zonas de protección, entendemos que as conclusións de non afección son extrapolables ás mesmas.

Tendo en conta a proximidade da zona de dragaxe a zonas de baño e bancos marisqueiros, debería avaliarse polo organismo competente a posibilidade de realización dun estudo de transporte e dispersión na zona, nos termos recollidos no apartado 2 do artigo 6 (Caracterización da zona a dragar) das Directrices de dragaxe, que avalíe o posible impacto sobre ditas zonas.

- O vertido deberá ser expresamente autorizado de acordo co especificado no Capítulo VIII, das Directrices de dragado.
- O proxecto contempla un **Plan de actuación ante situacións de emerxencia ambiental**, derivada dun fallo no sistema de monitorización en continuo da turbidez, e un plan de actuación en caso de emerxencia ambiental derivada dun derrame de aceites ou hidrocarburos durante os traballos de dragaxe e/ou vertido (Plan de continxencia do porto). Non se contempla un plan de actuación en caso de incumprimento dos parámetros establecidos na normativa de calidade das augas de baño e da calidade das augas para o cultivo de moluscos e outros invertebrados mariños (medidas de xestión ou medidas preventivas para asegurar o seu cumprimento).
- Con obxecto de minimizar os posibles efectos negativos sobre o medio mariño, sería axeitado o seguimento das indicacións recollidas no anexo V (Medidas Preventivas e uso das Melloras Prácticas Ambientais).



- As actuacións que podan afectar ás praias, deberán realizarse fora da tempada de baño.
- Calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico incluíndo as augas de transición e costeiras, precisará ser autorizada polo organismo de conca competente, debéndose garantir a compatibilidade do proxecto cos usos preexistentes, sen detrimento do resto de permisos e autorizacións recollidas no Capítulo VIII das Directrices.

c) Outras consideracións

- Non se fai un inventario dos posibles residuos xerados durante a obra ou en operacións de mantemento (perigosos e non perigosos) nin se fai referencia a medidas de xestión e zona de almacenamento, indicando as condicións de seguridade, de xeito que se evite a contaminación do solo e as augas. Estes aspectos deberán ser avaliados polo organismo competente. O Plan de Vixilancia Ambiental non contempla medidas específicas de seguimento e control de residuos.
- Identifícanse o potencial perigo de derrames de aceites e hidrocarburos procedentes da draga e das embarcacións auxiliares e contémplanse medidas preventivas e correctoras, consistentes no control das documentacións, cumprimento das inspeccións técnicas recollidas na normativa e revisións a levar a cabo en zonas axeitadas que eviten contaminacións.

Indícase que os medios auxiliares e as embarcacións utilizadas cumprirán coa normativa vixente, en cuanto a vertidos ao mar de sustancias perigosas dende buques (MARPOL).

O plan de vixilancia ambiental non contempla medidas de seguimento e control ao respecto

- Ademais da normativa MARPOL, deberán observarse outras normativas sectoriais de portos como os regulamentos internos de policía portuaria, seguridade de embarcacións, disposicións xerais de portos, plans de portos, etc.



- No referente ao establecemento de medidas de seguridade e saúde dos traballadores, indícase a obriga de cumprimento das medidas de seguridade establecidas no porto de Laxe, e as indicacións establecidas en materia de prevención de riscos laborais por Portos de Galicia, especialmente as referidas a riscos propios de instalacións portuarias, medidas de prevención ao respecto, medidas de emerxencia e prescricións de seguridade establecidas na ficha de riscos xerais.
- Se indica a correcta sinalización das zonas de obra (dragaxe e vertido), facilitando a información previa aos usuarios da zona.

2.4.- Avaliación da necesidade de medición da exposición

- O proxecto identifica distintas medidas protectoras e correctoras para impedir a chegada dos posibles contaminantes aos medios e que deberán ser avaliadas polo órgano ambiental correspondente para asegurar a súa eficacia. De cumprirse os estándares establecidos non se prevé a necesidade de realizar unha avaliación específica da exposición da poboación.

2.5.- Avaliación da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto

Non procede

3. CONCLUSIÓNS

- O presente informe realízase avaliando se no estudio se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.
- As distintas medidas protectoras e correctoras para impedir a chegada dos posibles contaminantes aos medios deberán ser avaliadas polo órgano ambiental correspondente para asegurar a súa eficacia.
- De cumprirse os estándares establecidos non se prevé a necesidade de realizar unha medición específica da exposición da poboación.



- Debería avaliarse a pertinencia do seguinte requisito ambiental:
 - Seguimento das indicacións recollidas no anexo V (Medidas Preventivas e uso das Mellores Prácticas Ambientais) das Directrices para a caracterización de material dragado e súa reubicación en augas do dominio público marítimo – terrestre.
 - Estudo de dispersión de sedimentos na zona de dragaxe nos termos indicados no informe.

- Non se recolle na documentación aportada información sobre:
 - As voaduras a levar a cabo, medidas de prevención e seguridade, nos termos indicados no informe.
 - Valoración do nivel de presión sonora durante a fase de dragaxe, en referencia a lexislación vixente, en relación a distancia a zonas habitadas próximas.

Medidas a adoptar en caso de incumprimento dos límites establecidos na lexislación en referencia ao ruído, durante as medicións recollidas no Plan de Vixilancia Ambiental .

- Existencia ou non de augas residuais sanitarias durante a fase de obra e a súa xestión.
- Sistema de abastecemento de auga de consumo, no caso de existir aseos ou vestiarios para o persoal e/ou similares, e cumprimento das normativas ao respecto recollidas no informe.
- Técnicas de xestión ou medidas preventivas para asegurar o cumprimento dos límites establecidos na normativa de calidade de augas, nos termos indicados no informe (Plan de actuación en caso de incumprimento).
- Cumprimento das disposicións establecidas no capítulo VIII das Directrices de dragado.